

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida nas bolsas de desprazamento ao rural para o estudantado de Grao da Facultade de Educación e Traballo Social no curso académico 2022/20223

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución Reitoral do 17 de xuño de 2022 no que se regulan as bases da convocatoria de *bolsas de desprazamento ao rural para o estudantado de Grao da Facultade de Educación e Traballo Social*, á vista da proposta da comisión de avaliación e tendo en conta que o número de solicitudes admitidas é inferior ó de bolsas convocadas

esta Reitoría RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e elevala a **definitiva**. (véxase anexo I)
2. O pagamento da bolsa efectuarase unha vez acreditado o inicio da práctica co informe do/a titor/a, mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.
3. De acordo co establecido no punto 8 da convocatoria as persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:
 - Destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
 - Comunicarse habitualmente en galego coa poboación coa que interactúa no practicum.
 - Redactar en galego a documentación xerada durante o practicum para o seu desenvolvemento e avaliación.
 - Cumprir as obrigas da normativa de prácticas.
 - Presentar o informe final de cumprimento das obrigas desta convocatoria coa sinatura do titor/a no prazo de dez días desde a finalización da práctica.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,
Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-d1a3-e960-de75-7390-2977-32f5-480a-6957

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 26/10/2022 13:06 | NOTAS : F

ANEXO I
LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA

Apellido1	Apellido2	Nome	Contía
Ferradás	Iglesias	Zaira	300,00 €



CSV : GEN-d1a3-e960-de75-7390-2977-32f5-480a-6957

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 26/10/2022 13:06 | NOTAS : F